ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU24002

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada sobre a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia

CONVOCATORIA: Xornada A Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	5
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/01/2024 - 09:00h ao 30/01/2024 - 12:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O 6 de xullo do 2023 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/2023 de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, contra a que o Goberno central presentou un recurso de inconstitucionalidade, admitido a trámite, perante o Tribunal Constitucional.

Con esta premisa, esta xornada pretende realizar unha análise sobre a devandita lei e sobre a súa inserción no marco xurídico estatal e autonómico, prestando especial atención aos seus puntos claves, ás novidades introducidas pola propia norma, así como ao conflito competencial existente na actualidade.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local; da Administración de xustiza; das universidades do Sistema universitario de Galicia; así como profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

- A xestión integrada das zonas costeiras como clave da Lei 4/2023 e a súa plasmación nos seus diferentes puntos.
- O réxime xurídico dos usos e das actuacións estratéxicas do litoral na Lei 4/2023.
- Ordenación do litoral e reparto de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas: a resposta xurídica da Lei 4/2023.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas, de acordo co establecido nas bases segunda, cuarta e quinta da convocatoria para as persoas destinatarias, número de prazas e inscrición respectivamente.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Inscrición a través da área de matrícula EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula>.

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeira a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar no nome do curso a xornada A Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 31/01/2024 a 31/01/2024
NUM. PRAZAS: 286	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
Francisco Javier SANZ LARRUGA MARTA GARCÍA PÉREZ SANTIAGO VALENCIA VILA		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
SALON DE ACTOS: O día 31 de xaneiro de 10:15 a 14:45. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA		